



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
García Fontán, Soledad  
López Díaz, María  
Pérez Rodríguez, María Rosa  
Pou Saracho, Juan María  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Suárez Pazos, Mercedes

### PDI-A:

Alba Castro, José Luis  
Caballero Rúa, Armando  
Fernández Souto, Ana Belén  
González Cerdeira, Xulia  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Pino Juste, Margarita

### PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula  
Gil Villanueva, José María  
Hernández Martín, Primo

### ESTUDANTES:

Barreiro Rodríguez, Rocío  
Comesaña González, Brais  
De los Bueis Mellado, Jorge  
Pérez Traseira, Beatriz  
Sánchez Gálvez, Estevo

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Fernández Suárez, Emilio Manuel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 7 de maio de 2013, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **7 de maio de 2013**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesións ordinarias do 21 e 22 de marzo de 2013.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico do curso 2013-2014.
4. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2014/2015.
5. Aprobación, se procede, da convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo. Curso 2012/2013.
6. Aprobación, se procede, de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
7. Aprobación, se procede, de solicitude de permuta.
8. Aprobación, se procede, da Política institucional de acceso aberto á produción científica da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da moción contra a inclusión do persoal de administración e servizos das universidades no Anteproxecto de lei do emprego público de Galicia.
10. Aprobación, se procede, da moción de apoio ás iniciativas da CRUE para impulsar a reforma da Lei de orzamentos do Estado no relativo á convocatoria de prazas nas universidades.
11. Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso 2013-2014.
12. Aprobación, se procede, do Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Química.
14. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado pola Federación de Traballadores de Ensino de UXT-Galicia contra o acordo de Consello de Goberno de data

- 21/02/2013, polo que se aproba a Normativa de dedicación de profesorado e recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2013/2014.
15. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado pola Federación de Traballadores de Ensino de UXT-Galicia contra o acordo de Consello de Goberno de data 21/02/2013, pola que se aproba a Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo.
  16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: -- Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Surcolombiana* – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a empresa Biostatech, Advice, Training & Innovation in Biostatistics, S.L., para a realización de estadías conducentes á elaboración do traballo fin de máster dos alumnos da titulación Máster Universitario en Técnicas Estatísticas.
  17. Nomeamento do representante no Consello de Estudantes a proposta dos estudantes membros de Consello de Goberno.
  18. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesións ordinarias do 21 e 22 de marzo de 2013.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que se recibiu unha alegación á acta no punto 7 da orde do día, relativo á aprobación da modificación da Normativa do profesorado de substitución. Expón que se atribuíu, por un erro, un voto de abstención ao Sr. Federico Fernández; autorízase corrixir a acta para emendar o erro.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

O reitor comeza o seu informe describindo o difícil escenario polo que atravesamos a universidade pública española; na súa opinión está sometida a unha importante presión externa debido aos recortes orzamentarios, ao bloqueo na contratación de docentes e polos cambios normativos que se pretenden implantar no sistema de ensino superior. Ante esta situación de urxencia, o reitor comunica aos membros do Consello de Goberno que é o momento de maximizar a unidade de acción de todos os axentes da comunidade universitaria, independentemente das diferenzas de plantexamentos. Opina que estas pequenas diferenzas son algo absolutamente irrelevantes, comparado coa forza necesaria da unión de toda a comunidade universitaria para defender a universidade tal e como a coñecemos.

O reitor di que propoñerá iniciativas de acción conxuntas de carácter institucional para intentar modificar disposicións que considera inxustas, pero que, na súa opinión, tamén é preciso aplicar a máxima intelixencia para non deixar físgoa a leis que, amparadas no discurso de necesarios axustes orzamentarios cambian o modelo universitario, reducindo á súa mínima expresión a garantía constitucional da autonomía universitaria. Para ese efecto, cita como exemplo o inicio de auditorías, por parte dos tribunais de contas -órganos de fiscalización contable da administración pública-, coa finalidade de inspeccionar as contas das universidades.

Informa, que á Universidade de Vigo non lle chegou ningunha comunicación oficial respecto diso, pero que os responsables doutras universidades confirmaron que a auditoría non se reduce a unha simple petición de datos macroeconómicos, senón que entre a información reclamada figuran entre outros: número de docentes en activo, dedicación horaria (datos de POD), etc. O reitor insiste na necesidade de estar preparados institucionalmente ata no mínimo detalle para o que poida comportar esa fiscalización das universidades. Engade, que está aberto a propostas de mellora e suxestións por parte do PDI no marco dunha negociación, pero sen perder de vista a lóxica dunha posible auditoría.

Continúa avanzando aspectos tratados na última reunión da CRUE, que tivo lugar o día 3 de maio en Málaga. O reitor di que algún aspecto importante desta reunión será obxecto de máis detalle no punto da orde do día correspondente. Ao fío deste apartado, reflexiona sobre a Lei de orzamentos do Estado e as posibilidades que abre para facer expedientes de regulación de emprego nas administracións públicas (incluídas as universidades). Insiste o reitor que, ante o estado de urxencia que se atopa a Universidade, as primeiras liñas de actuación deben ir dirixidas a: non incorrer en déficit; non deixar fisgoa na aplicación das leis de obrigado cumprimento; e insistir na acción política a través da CRUE para chegar acordos que propicien un cambio de redacción na Lei de orzamentos do Estado.

No que se refire a outros encontros e actuacións, destaca:

- Reunión do Consello reitor do Campus do Mar o día 26 de abril: o acordo prioritario foi validar o informe do equipo directivo. Sinala que o futuro do Campus do Mar pasa por crear unha entidade xurídica que lle de soporte orgánico. Sobre este aspecto informárase con máis detalle no próximo Consello de Goberno.
- Xuntanza o día 24 de abril co SERGAS, Secretaría Xeral de Universidades, Deputación de Pontevedra e responsables da Uvigo, para constituír un grupo de traballo que estude o procedemento e o convenio necesario para integrar a Escola de Enfermería como unha facultade na Uvigo.
- Informa que no mes de abril se asinaron coa Deputación de Ourense convenios para actividades de extensión (165000 €) e para as bolsas Ourense Exterior (18800 €).
- Tamén dá conta da reunión da Comisión executiva da CRUSOE, o día 30 de abril. O reitor recordou que a conferencia está integrada polas oito universidades de Castela e León, as tres de Galicia, tres de Portugal e catro centros politécnicos liderados polo Instituto de Bragança. Informou que se están iniciando contactos coa intención dunha probable ampliación da rede RESOE e do posible número de membros integrantes da CRUSOE. A este respecto, o reitor fixo referencia á posibilidade de implicar no proxecto outras rexións do suroeste de Europa: a rexión centro de Portugal, o norte de España -País Vasco, Aragón e Navarra- e a zona do atlántico francés. Destaca, que na reunión do día 30 estivo presente o vicepresidente, Alfonso Roda, e outros membros do executivo galego, como o conselleiro de Educación.

Respecto ao documento aprobado polo comité executivo, destaca que nel se definen as claves para a acadar unha estratexia de especialización intelixente coa vista no programa Horizonte 2020, que substituirá a partir de 2014 ao actual Programa Marco de Financiamento Europeo. Que se trata de buscar a mellor estratexia para garantir a consecución destes fondos. O reitor di que a estratexia é determinante para adoptar decisións futuras: novos graos e as liñas de investigación polas que debe apostar Galicia. Di que a principal aspiración do documento aprobado, ademais de determinar os programas transversais (saúde, agricultura, auga, lingua e patrimonio, enerxía e medio ambiente cooperación interrexional e desenvolvemento), é determinar a capacidade de intervir no desenvolvemento dos diferentes territorios que integran a macrorrexión (Eurorrexión).

Que, na súa opinión a CRUSOE debería contaxiar esta metodoloxía ás universidades que están na asociación ou no seu entorno.

Continúa informando do nomeamento do Prof. Pedro Membiela como comisionado para o Campus da Auga. Expón que o Campus da Auga foi presentado formalmente ante a Xunta de Galicia; que a futura Lei do sistema universitario de Galicia recoñece expresamente esta agrupación de investigadores; e que na designación Prof. Pedro Membiela se tivo en conta a traxectoria profesional e académica para liderar o proxecto, recordando que ademais ten un doutorado en Bioloxía; así mesmo, sinala que tamén se acordou nomear ao Prof. Patricio Sánchez como delegado representante do reitor.

Remata o reitor informando do cese do vicerreitor de Extensión Universitaria, o Prof. Henrique Costas, a petición propia. Explica as causas, que gardan relación con novas oportunidades no campo da investigación en Brasil. Agradece os seus servizos e apoios e indica que foi nomeado o Prof. Manuel Fernández Iglesias como novo vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

Seguidamente o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Docencia e Alumnado, para informar sobre o proceso de certificación da implantación dos sistemas de garantía interna de calidade.

O vicerreitor comeza dicindo que neste momento temos todos os sistemas de calidade dos centros acreditados polo programa FIDES-AUDIT, no que participan xunto a ACSUG, ANECA, AQ Cataluña e UNIBASQ, a axencia do País Vasco. Di que esta acreditación se refire exclusivamente ao deseño dos sistemas, un seguinte paso, dentro do ámbito deste programa FIDES-AUDIT, é a certificación da implantación, é dicir que o sistema, cuxo deseño se acreditou no seu momento, está sendo posto en desenvolvemento e funciona con eficacia. Que a certificación, que ten unha vixencia de 4 anos, é importante porque ten consecuencias na verificación, seguimento e renovación da acreditación dos títulos adscritos ao centro responsable do sistema.

Sinala que de ser acreditada a implantación:

- Na verificación de novos títulos; o capítulo 9 da memoria de verificación, referido ao SGIC, non será necesario cumprimentalo, darase por verificado positivamente.

- Nos informes anuais de seguimento das titulacións, cuxo centro teña o SGIC estea acreditado, en canto ao apartado referido á valoración do cumprimento do proxecto, terán directamente valoración positiva os criterios:

#### 8. Resultados previstos

#### 9. Sistema de Garantía de Calidade

- Na renovación da acreditación dos títulos afectados: aínda que están por definir os protocolos que se seguirán, o que se adiantou é que probablemente se darán por bos:

#### Xestión do Título.

- Criterio 2: Información e transparencia
- Criterio 3: Sistema de garantía interna de calidade

#### Recursos.

- Criterio 5: Persoal de apoio, recursos materiais e servizos

#### Resultados.

- Criterio 7: Indicadores de satisfacción e rendemento

O vicerreitor di que neste proceso de certificación da implantación dos sistemas de calidade participa un equipo auditor externo, o cal debe emitir un informe trala avaliación do sistema; nesa avaliación está incluída unha visita aos centros. Engade que hai unhas semanas se abriu unha convocatoria piloto por ACSUG, ANECA e UNIBASQ, á cal cada universidade puido presentar ata dous centros para que fosen auditados e, no seu caso, fora certificada a implantación dos seus sistemas. O calendario previsto desta convocatoria piloto leva a que todo o proceso conclúa no mes de setembro, para que poida ser lanzada unha primeira convocatoria normal no último trimestre de 2013.

Informa que desde a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, tralo asesoramento dos técnicos de calidade que coñecen a fondo e de primeira man o nivel de implantación e desenvolvemento dos sistemas de todos os centros, propúxose a participación nesta convocatoria piloto aos equipos de dirección da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións e da Facultade de Bioloxía, quen aceptaron participar. Informa que xa se está traballando conxuntamente para preparar todo o proceso de auditoría dos seus sistemas.

Desexa deixar constancia do seu agradecemento a ambos centros e, particularmente, aos seus equipos decanais e de dirección, nos que recae a tarefa de liderar o proceso nos centros. Destaca a súa xenerosidade institucional por aceptar participar nesta primeira convocatoria piloto.

Remata a súa intervención dicindo que está prevista a visita aos centros das comisións de auditoría externa para final de xuño principios de xullo; e que todo o proceso rematará en setembro coa avaliación dos resultados da convocatoria. En calquera caso, di que informará no seu momento a este Consello de Goberno dos resultados e da próxima convocatoria.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, do calendario académico do curso 2013-2014.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen comeza por expoñer que no mesmo punto se presentan dúas propostas de calendario académico do curso 2013/2014.

A) En primeiro lugar, informa da proposta que será de aplicación para o Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín, onde se imparte o Grao en Enxeñaría Mecánica.

Expón que o calendario académico polo que se rexerá o centro adscrito é diferente, porque ten a súa propia organización docente académica, universitaria militar e tamén instrución e adestramento, o que obriga a ter un calendario propio. Indica que as súas características quedan descritas na documentación aportada aos membros do Consello de Goberno.

A secretaria xeral somete a aprobación o calendario escolar do Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín para o curso académico 2013/2014.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

B) En segundo lugar, informa da proposta de calendario académico para as titulacións de grao, posgrao e titulacións que se extinguen. Se ben indica que, como se dirá ao final da exposición e así se recolle no documento, nas titulacións de máster a data de inicio da actividade académica será determinada en cada caso pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, dependendo das circunstancias da matrícula.

No que se refire ao calendario escolar para as restantes titulacións impartidas na Universidade de Vigo, a secretaria xeral sinala que o calendario é unha aposta conxunta da Secretaría Xeral e o vicerreitor de Docencia e Alumnado; que se recolleron as suxestións que dos equipos directivos e algúns representantes fixeron chegar á Secretaría Xeral; que o borrador foi obxecto de discusión por campus e cos equipos directivos dos distintos centros e cos representantes dos alumnos no Consello de Goberno; e en consecuencia, que se intentou plasmar e conciliar nun documento único os distintos intereses.

A secretaria xeral solicita ao reitor que ceda a palabra ao vicerreitor de Docencia e Alumnado, para que expoña o marco temporal no que se desenvolve a planificación das diferentes actividades académicas.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Docencia e Alumnado, quen comeza por expoñer que no calendario do curso actual introducíronse algúns cambios estruturais significativos en canto á ordenación dos cuatrimestres. Opina que o recomendable sería poder finalizar este curso,

percorrer efectivamente todo o calendario para poder facer unha valoración sobre o seu funcionamento. Pero, como normalmente o tempo non se detén, é preciso aprobar o calendario do próximo curso sen facer esa valoración.

Di que, en calquera caso, na proposta que se presenta á consideración do Consello de Goberno se procurou recoller as suxestións ao calendario actual recibidas por distintas vías, de centros e titulacións, na medida que un calendario da Universidade pode atender as peculiaridades de cada un deles.

Que a proposta foi xa presentada aos equipos de dirección dos centros, así como á representación de estudantes neste Consello.

Sobre o marco temporal, destaca que o curso académico 2013/2014 abarca dende o luns 2 de setembro de 2013 ata o xoves 31 de xullo de 2014.

Que no devandito período se comprenden actividades presenciais, traballo autónomo do alumnado, prácticas externas, probas de avaliación etc. Identifica os períodos temporais dos dous cuadrimestres. Destaca que os dous períodos docentes marcados supoñen 36 semanas (18 por cuadrimestre) de actividade (20 o 1º e 19 o 2º considerando os períodos de vacacións de nadal e semana santa) e sen contar os días de festas locais e os dos patróns dos centros; así mesmo, detalla que o 1º cuadrimestre ten 85 días hábiles de clase e o 2º cuadrimestre 86 días hábiles.

Expón os períodos para o cumprimento e entrega de actas. Expón a novidade de deixar un período máis longo para o cumprimento de actas do TFG, o que pode contribuír a aclarar e ordenar a súa organización e xestión.

Tamén destaca que o documento recolle a obriga de que as datas, horario e, se procede, o lugar das probas de avaliación, deberán ser recollidas na guía docente correspondente.

Igualmente, sinala que se recomenda que na fixación das datas das probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo, procurárase poñer en primeiro lugar as materias do primeiro cuadrimestre.

Informa que as datas para a realización das probas de avaliación da convocatoria “de fin de carreira” serán entre os días 14 e 22 de outubro de 2013, sen que se suspendan o resto das actividades docentes.

Para as titulacións que se extinguen, os centros poderán optar entre realizar as probas de avaliación da convocatoria extraordinaria, chamada “de decembro”, no período marcado para a convocatoria “de fin de carreira”, ou nun período similar ao remate do primeiro ou do segundo cuadrimestre, debendo decidir o propio centro se suspende ou non as clases. As datas de rexistro das cualificacións na aplicación informática e de entrega de actas serán as que correspondan co período elixido.

Remata dicindo que, como vén sendo habitual nas titulacións de máster, a data de inicio da actividade académica será determinada en cada caso pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, dependendo das circunstancias da súa matrícula.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén a Prof. Rosa Pérez para facer preguntas sobre a obrigatoriedade da convocatoria fin de carreira; sobre o número de créditos mínimo para presentarse á mesma; sobre se o TFG pode defenderse na citada convocatoria extraordinaria e sobre se se pode gardar ou non a nota aprobada dun ano para outro; e por último, sobre a aplicación dos sistema de avaliación curricular ao grado.

Responde o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade que as probas de avaliación de convocatoria fin de carreira están contempladas no art. 130.4 dos Estatutos; que o número de créditos máximo para poder concorrer é de 24 créditos, exceptuando os TFG. Sobre a avaliación curricular, que está pendente de estudio e regulación nun próximo regulamento de avaliación e cualificación. Respecto á pregunta sobre a nota do TFG, o vicerreitor responde que, segundo a normativa, non debería gardarse a nota dun curso académico para outro.

Intervén o Prof. Berrocal para agradecer o cambio de orientación no calendario académico do curso 2013/2014, pero segue sen comprender por que hai que empezar o 2 de setembro.

Intervén o señor Xan Cebro para solicitar algunha reunión coa administración responsable de alumnado, para liquidar posibles problemas que se poidan derivar en materia de recoñecemento de créditos, títulos etc., por comezar as clases en setembro. Tamén insta a que os responsables das tres universidades continúen exercendo presión na Xunta para liquidar o problema das celebración de probas de acceso á universidade no mes de setembro. Para rematar, pregunta sobre a data de apertura oficial do curso.

A secretaria xeral responde que a apertura oficial non pode figurar no calendario académico porque a estas alturas do ano descoñécese a data exacta, xa que é comunicada pola Xunta de Galicia, dependendo da axenda do presidente.

Intervén o Prof. Juan Pou para dicir que o calendario non é gusto de todos os estudantes.

Intervén o Prof. Jaime Alonso para dicir que comparte a filosofía do calendario, pero propón que se estenda a duración dos cuatrimestres a 19 semanas.

Intervén Estevo Sánchez para que se recorde aos centros que na programación de probas de avaliación se respectara o disposto no artigo 25 do Estatuto do Estudiante Universitario.

Intervén Brais Comesaña para que na implantación do calendario académico se tivera en conta as necesidades dos estudantes de titulacións en proceso de extinción, no sentido de ir reducindo a carga lectiva conforme se aproximen as datas dos exames.

Apróbase por asentimento o calendario académico do curso 2013/2014 (**Anexo II**).



**Punto 4.** Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2014/2015.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza por informar de que as propostas de fusión e reordenación de novos títulos de grao deben ir dirixidas a cumprir no 2015 o requisito de número mínimo de 50 alumnos matriculados no Campus de Vigo e de 45 nos Campus de Pontevedra e Ourense. En aplicación das instrucións de 11 de xuño de 2012, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como norma xeral non se implantarán novas titulacións de grao no curso 2014/2015. Excepcionalmente poderanse presentar propostas de títulos de grao que xurdan dalgunha modificación, fusión ou reorganización da actual oferta existente.

Tamén indica que, como norma xeral, non se admitirán propostas ex novo de máster para a súa implantación no curso 2014/2015, agás no caso que estean ligadas a competencias profesionais reguladas. Outras iniciativas de interese estratéxico para institución serán analizadas e sometidas a aprobación en Consello de Goberno. En relación ao doutoramento, indica que como no ano 2012 xa foi levada acabo unha reforma global dos estudos de doutoramento, para súa adecuación ao Real Decreto 99/2011, a presentación de propostas de novos títulos de doutoramento será excepcional e limitarase a programas que non tramitaran á súa transformación o ano anterior, sempre que o seu campo de estudo non estivera xa cuberto na Universidade de Vigo.

Presenta a continuación o calendario e procedemento de tramitación no seo da universidade de novas propostas ou modificación de títulos de grao, máster e doutoramento para a súa implantación no curso 2014/2015: prazos de presentación de expresión de interese, informe da comisión que corresponda, etc. A remisión da memoria provisional debe facerse antes do 31 de xullo e da memoria definitiva antes do 30 de setembro.

Apróbase por asentimento o calendario e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2014/2015 (**Anexo III**).

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo. Curso 2012/2013.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón os puntos básicos e requisitos da convocatoria. Di que o número de prazas a convocar é de 13 e que o criterio e baremo para asignación de prazas é igual que o do ano anterior.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez, quen di que é o último ano do plan de promoción e solicita que a convocatoria estea aberta, no sentido que se acade o maior número de prazas posible; e que este punto estea aberto a negociación. Que é certo que diminuíu o número de posibles solicitudes, pero solicita aumentar o número de prazas para intentar rescatar investigadores valiosos.

Intervén a vicerreitora para dicir que o número de prazas, así como os criterios de selección e asignación, teñen que figurar na propia convocatoria e non poden deixarse abertos.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez, en representación dos estudantes, para facer valoracións sobre a puntuación máxima dos diferentes apartados. Chámalle a atención que á experiencia docente se lle asignen 25 puntos e á experiencia investigadora 40. Salienta que se lle debería dar importancia á docencia.

Apróbase por asentimento a convocatoria do Programa Especial de Promoción do PDI da Universidade de Vigo, Curso 2012/2013 (**Anexo IV**).

**Punto 6.** Aprobación, se procede, de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón que se trata de autorizar a solicitude de excedencia ao amparo do art. 17.4 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, solicitada polo Prof. David Álvarez García, actualmente profesor contratado doutor no Dpto. de Socioloxía, Ciencia Política, da Administración e Filosofía.

A vicerreitora expón que o motivo é que lle foi concedida unha Postdoutoral Grant por parte da Fundación para a Ciencia e Tecnoloxía do Ministerio de Educación e Ciencia en Portugal; que se concreta nun contrato investigador a tempo completo dentro do grupo de teoría política do Instituto de letras e ciencias humanas pertencente á Universidade de Minho (Portugal). A vicerreitora expón que ten todos os informes favorables do departamento e do vixerente de Recursos Humanos. Di que os efectos da excedencia serían dende o día 1 de setembro de 2013.

Di ademais, que a aprobación queda condicionada á sinatura dun documento por parte do profesor Álvarez García, no que se poña de manifesto o seu compromiso a deixar constancia de forma expresa da súa afiliación á Universidade de Vigo en todas as publicacións e demais resultados de difusión das actividades de investigación realizadas de forma individual ou con outros autores realizadas durante o tempo no que estea vixente a excedencia.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, de solicitude de permuta.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa da solicitude de permuta de Carlos Manuel Estévez Valcárcel, profesor titular de universidade do Dpto. de Química Física (Facultade de Química) da Uvigo, con Dna. María de los Ángeles Peña, profesora titular do Dpto. de Química Física (Facultade de Química) da Universidade de Santiago de Compostela.

A vicerreitora expón as razóns que asisten para a autorización da permuta solicitada segundo o establecido na lexislación vixente. Informa que xa foi aprobada polo Consello de Goberno da USC.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, da Política institucional de acceso aberto á produción científica da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen comeza expoñendo que unha das funcións da Universidade é a transferencia á sociedade do coñecemento que produce. Que, neste sentido, a Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación efectúa un claro posicionamento a favor das políticas de acceso aberto á información científica, facendo especial referencia ao financiamento maioritario da investigación realizada con cargo a fondos públicos; e que os axentes do Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía deben impulsar o desenvolvemento de repositorios de acceso aberto ás publicacións do seu persoal investigador.

Sinala que nunha liña similar pronúnciase o RD 99/2011, de 28 de xaneiro, en relación cos ensinos oficiais de doutoramento e a difusión das teses.

A vicerreitora de Investigación di que neste contexto a Universidade de Vigo presenta a política de acceso aberto á produción científica do seu persoal investigador, que se instrumentalizará mediante a creación dun repositorio que incluíra os diversos tipos de publicacións de investigación xerados, e cuxo funcionamento se relaciona co proceso de avaliación da produción de investigación e transferencia do persoal investigador. O documento que se somete a aprobación establece as pautas básicas para o desenvolvemento desta iniciativa.

A vicerreitora de Investigación menciona en último lugar que o documento proposto conta con informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, da moción contra a inclusión do persoal de administración e servizos das universidades no Anteproxecto de lei do emprego público de Galicia.

Toma a palabra o reitor para dicir que o Anteproxecto de lei do emprego público de Galicia inclúe no ámbito xeral de aplicación ás universidades públicas galegas. A aplicación directa ao persoal de administración e servizos das universidades galegas dunha norma xeral referente ao persoal ao servizo da administración pública autonómica supón un cambio de calado respecto á vixente Lei de Función Pública de Galicia, que sinala: “Esta Lei é a súa normativa de desenvolvemento será de aplicación supletoria ao persoal de administración e servizos das universidades galegas”.

O reitor sinala, que pretender incluír de xeito directo ao persoal de administración e servizos das universidades galegas no ámbito de aplicación da Lei de Emprego Público de

Galicia, significaría mermar a capacidade de autoorganización da universidade, bordeando a conculcación do propio precepto constitucional que garante a súa autonomía.

En consecuencia, o reitor solicita do Consello de Goberno da Universidade de Vigo o apoio dunha moción co texto que se recolle máis baixo. O reitor di que se a moción non vai adiante seguiremos cunha acción que se remitirá ao Claustro e o Parlamento. Insiste que non se cuestiona o anteproxecto, senón unha disposición do mesmo. O reitor dá lectura ao texto da moción que se somete a aprobación e apoio dos membros do Consello de Goberno: *“O Consello de Goberno da Universidade de Vigo acorda instar á Xunta de Galicia a que esta lei se aplique con carácter supletorio ás universidades públicas de Galicia, nos termos previstos pola lexislación en materia de universidades, sen prexuízo do respecto á autonomía universitaria”*.

O reitor di que pedirá informes xurídicos para fundamentar a súa alegación ao Anteproxecto

Apróbase por unanimidade.

Intervén Xan Cebro para dicir que apoia ao reitor; xa que na súa opinión as disposicións citadas do anteproxecto de Lei de función pública galega vulneran o contido esencial da autonomía universitaria. A tal efecto, deposita na mesa, para unir á acta, un texto elaborado pola CIG (**Anexo V**).

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para apoiar a moción do reitor.

Intevén Xan Cebro para dicir que invita a outras universidades a sumarse.

Intervén Jorge de los Bueis para expoñer que apoia o rexeitamento do reitor ao anteproxecto de Lei de Función Pública galega nas disposicións relativas ao PAS, pero solicita que apoie a Lei no punto que favorece aos licenciados/as en Ciencias do Mar, xa que por fin e tras moitos anos, derroga a lei de escalas do 92, que lles impediou opoñer ás convocatorias publicadas pola Consellaría do Mar e a de Medio Ambiente. Jorge de los Bueis expón que el é debido a que hoxe non existe na función pública galega unha escala específica de oceanógrafos dentro do corpo facultativo superior da Xunta, o que carece de toda xustificación nunha Comunidade Autónoma costeira como Galicia, titular de competencias cuxo exercicio no plano executivo relaciónase directamente cos coñecementos que proporciona a titulación de Licenciado en Ciencias do Mar. Continúa dicindo que o máis preocupante son os casos de dúas escalas (Grupo A, escala de inspección pesqueira, e grupo B, a escala de axentes de extensión pesqueira), que requiren para o exercicio das súas funcións capacidades que coinciden por completo coas competencias que proporciona a titulación de Licenciado en Ciencias do Mar, pero que a día de hoxe seguen sen contemplar este título entre os que habilitan para o acceso ás mesmas. Engade que a razón é que a titulación de Ciencias do Mar non se incorporou ao sistema universitario galego ata o 1994, polo que non é recoñecida na Lei de Función Pública Galega, que rexe o sistema de acceso a corpos e escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia e vincúlalas a titulacións. Di que o anteproxecto de Lei de Función Pública favorece a Ciencias do Mar, por fin e tras moitos anos, xa que derroga a lei de escalas do 92, que lles impediou opoñer á Consellaría de Mar e á de Medio Ambiente dende entón. En función do exposto, roga que se apoie esa parte do anteproxecto que favorece ás novas titulacións.

O reitor respóndelle que están informadas a través da Dirección Xeral de Función Pública; que impulsarán os cambios na lei de escalas, pero que non ten nada que ver co rexeitamento das disposicións relativas ao PAS.

Apróbase por unanimidade a moción contra a inclusión do persoal de administración e servizos das universidades no anteproxecto de Lei do emprego público de Galicia:

*“O Consello de Goberno da Universidade de Vigo acorda instar á Xunta de Galicia a que esta lei se aplique con carácter supletorio ás universidades públicas de Galicia, nos termos previstos pola lexislación en materia de universidades, sen prexuízo do respecto á autonomía universitaria”.*

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da moción de apoio ás iniciativas da CRUE para impulsar a reforma da Lei de orzamentos do Estado no relativo á convocatoria de prazas nas universidades.

Toma a palabra o reitor para pedir un apoio á iniciativa da CRUE. Di que este apoio é preciso porque reforza a posición da CRUE; e para que a través da presidenta da CRUE se abran vías de negociación co Ministro de Facenda. O reitor di que o que se persigue con unha moción de apoio é a de instar a que se modifique a redacción da Lei de Orzamentos do Estado do ano 2014 para que a oferta de emprego público, sen contradicir os obxectivos que lle marca Europa, non teña que ver coa taxa de reposición, senón só con criterios económicos.

Solicita do Consello de Goberno a aprobación da moción de apoio ás iniciativas para impulsar a reforma da lei de orzamentos do Estado no relativo ás convocatorias de prazas nas universidades. Dá lectura ao seguinte texto:

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo acorda apoiar as iniciativas da CRUE, conducentes a impulsar a reforma da lei de orzamentos do Estado no relativo ás convocatorias de prazas nas universidades, no senso de que nas autorizacións destas convocatorias se substitúa a taxa de reposición por criterios económicos.

O reitor di que se non hai resposta a esta iniciativa formal da CRUE, iniciaranse outras accións, como é impulsar un estudo de incompatibilidades entre a Lei Orgánica de Universidades e a Lei de Orzamentos do Estado, para así forzar ese cambio na redacción. Remata dicindo que de ser preciso faremos unha política activa de comunicación e de relación con outras instancias.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para dicir que apoia a moción, sempre que se faga con consenso.

Apróbase por unanimidade a moción de apoio ás iniciativas para impulsar a reforma da Lei de Orzamentos do Estado no relativo as convocatorias de prazas nas universidades:

*“O Consello de Goberno da Universidade de Vigo acorda apoiar as iniciativas da CRUE, conducentes a impulsar a reforma da lei de orzamentos do Estado no relativo ás*

*convocatorias de prazas nas universidades, no senso de que nas autorizacións destas convocatorias se substitúa a taxa de reposición por criterios económicos”.*

**Punto 11.** Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o curso 2013-2014.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, quen informa de que a normativa no ten cambios con respecto ao curso pasado; que en total serán 497 as prazas de aloxamento nos tres campus: 218 prazas no Complexo Residencial o Castro en Vigo; 70 na residencia concertada A Peregrina de Pontevedra; 189 nas Burgas de Ourense e 20 no centro de ALCAI en Allariz.

O vicerreitor informa que xunto ás prazas tamén se presenta a convocatoria de axudas de aloxamento: 56 axudas de 100 € mensuais e 64 de 60 € ao mes, das que se poderán beneficiar todos os alumnos e alumnas que cumpran os requisitos, tanto económicos como de expediente académico.

O estudante Estevo Sánchez intervén para indicar que considera que non se xustifica o incremento dos prezos dalgúñas das residencias. Manifesta que se debería de ter en conta, de xeito prioritario, a situación económica fronte ó expediente académico na avaliación de méritos para a adxudicación de prazas en residencias, xa que precisamente a situación económica pode facer que o expediente do candidato ou candidata se vexa prexudicado ao ter que realizar actividades adicionais aos estudos.

O vicerreitor resposta que as tarifas das residencias foron aprobadas nun pasado Consello de Goberno, tras o correspondente debate, polo que a intervención é extemporánea. Asemade, lembra que se suprimiu a taxa de matrícula que os estudantes tiñan que aboar en convocatorias anteriores. No caso dos criterios de valoración, o vicerreitor indica que a convocatoria segue o mesmo modelo que as convocatorias anteriores, e que foi informada favorablemente por asentimento pola comisión de Extensión. En calquera caso, revisarase en vindeiras edicións para considerar os aspectos que apunta o intervinente. Tamén informa que o equipo de goberno está a traballar nunha nova convocatoria de axudas de emerxencia para cubrir necesidades sobrevidas de tipo económico no estudantado da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento coas abstencións dos estudantes Estevo Sánchez, Brais Comesaña e Beatriz Traseira (**Anexo VI**).

**Punto 12.** Aprobación, se procede, do Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, quen comeza dicindo que a plena implantación do Espazo Europeo da Educación Superior e o crecemento da actividade internacional que se leva a cabo na Universidade, fai necesaria a reforma e a consolidación da normativa vixente en materia de mobilidade internacional. Di que co Regulamento de mobilidade internacional se consolida, actualiza e

harmoniza a normativa vixente en materia de mobilidade entre países. A xuízo do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, trátase de facilitarlle ao alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos a posibilidade de realizar parte dos seus estudos ou do seu traballo nunha institución de ensino superior estranxeira, así como garantir o pleno recoñecemento destas actividades.

O vicerreitor continúa expoñendo os aspectos máis salientables do novo marco normativo, tales como o recoñecemento de estudos, contrato académico, dereitos, obrigas e deberes dos que van e dos que veñen, prácticas en empresas etc. Engade que o borrador do regulamento foi amplamente debatido entre os representantes dos centros, que fixeron as apartacións que consideraron necesarias. Que tamén conta co informe favorable da Asesoría Xurídica.

O profesor Pou felicita ao equipo de goberno polo esforzo realizado para organizar e consolidar a normativa existente en materia de mobilidade; recorda o compromiso e dedicación dalgúns responsables de relacións internacionais dos centros, que requiriría de apoio administrativo adicional ao que teñen os centros na actualidade. Tamén apunta a dificultade de que o responsable de relacións internacionais sexa membro nato da comisión delegada do centro con competencias en mobilidade de estudos cando non exista unha comisión de mobilidade internacional específica, e propón que participe de xeito puntual, con voz e con voto, nas xuntanzas de dita comisión delegada cando os asuntos a tratar o requiran.

Intervén o estudante Brais Comesaña para ratificar as opinións do Prof. Juan Pou. Sinala que a responsable de relacións internacionais do seu centro está saturada de traballo e agradece á Prof<sup>a</sup> Elena Martín o seu esforzo e atención para cos estudantes.

O vicerreitor agradece o recoñecemento, e resposta que os aspectos vencellados ás tarefas a desenvolver polo persoal administrativo dos centros encádrase dentro dunha iniciativa máis ampla que está a desenvolver nestes momentos a Universidade, polo que non pareceu conveniente incluír aspectos concretos nesta liña nun regulamento que ten carácter tanto técnico en materia de mobilidade como de normativa xeral. En canto á pertenza á comisión delegada con competencias en mobilidade de estudos da persoa responsable de relacións internacionais, o vicerreitor considera que o modelo recollido no regulamento é o máis operativo, xa que de feito garante de xeito xeral que os responsables de relacións internacionais teñan voz e voto cando os temas a tratar o requiran.

Apróbase por asentimento o Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo (**Anexo VII**).

**Punto 13.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Química.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen expón que de acordo coa información achegada: o regulamento foi aprobado polo Consello de Departamento de Enxeñaría Química, con data de 4 de outubro de 2010; que conta co informe favorable de Asesoría Xurídica e que

non habendo ningún impedimento legal, somete a normativa á aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Química (**Anexo VIII**).

**Punto 14.** Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado pola Federación de Traballadores de Ensino de UXT-Galicia contra o acordo de Consello de Goberno de data 21/02/2013, polo que se aproba a Normativa de dedicación de profesorado e recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2013/2014.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen expón que se trata dun recurso de reposición interposto pola Federación de Traballadores do Ensino de UXT de Galicia.

Di que o obxecto do recurso é contra o acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de data 21 de febreiro de 2013, polo que se aproba a Normativa de dedicación de profesorado e recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2013/2014.

Que respecto aos motivos do recurso o sindicato recorrente alega, entre outros, os seguintes feitos:

a) Que o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, en sesión do 21 de febreiro de 2013, procedeu a acordar o establecemento da Normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades de PDI para o curso 2013/2014.

b) Que, con carácter previo a adopción do Acordo en relación á normativa que se impugna, a Uvigo convocou a correspondente Mesa de negociación; aportou información documental, polo que se coñecía as materias obxecto de negociación.

c) Que a UXT participou na negociación aberta na Mesa de negociación e presentou as alegacións ou propostas alternativas que considerou oportunas.

Continúa dicindo que os recorrentes, tras alegar os fundamentos de dereito que consideran oportunos, fundamentalmente o artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público, alegan incumprimento dos artigos do Estatuto do Empregado Público, relativos á obrigatoriedade de negociación colectiva previa e pola falta de boa fe negociadora.

Que, en consecuencia, solicitan que se acorde a nulidade do acordo que aproba a devandita normativa, con retroacción das actuacións ao momento da negociación, ao efecto de que este se leve a efecto de forma acorde en dereito.

Informa sobre a documentación que consta no expediente; sendo así que para resolver o recurso se recadou o expediente da negociación a fin de analizar a documentación previa o acordo adoptado (convocatoria, orde do día e actas das reunións das mesa de negociación colectiva do PDI de datas 10 de outubro, 17 de outubro, 5 de novembro, 7 de novembro, 14 de decembro de 2012, 30 de xaneiro, 8 de febreiro e 19 de marzo de 2013), e como recoñece a



federación recorrente convocouse correctamente as mesas de negociación, aportando a correspondente documentación.

Solicitado informe da Asesoría Xurídica sobre o recurso referido, este se pronuncia do seguinte xeito:

Dá lectura ás actas das sesións; pode comprobarse a existencia de debate durante o seo das mesmas, sen que poda apreciarse a ausencia da boa fe negociadora por parte de esta Administración.

Con respecto á boa fe negociadora, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia precisou nunha sentenza que non cabe confundir a obriga de negociar coa de convir ou manter indefinidamente a negociación, sendo o esencial que se convocara ao órgano competente para negociar e se dialogara sobre as propostas aínda cando non se chegara a acordo algún.

Trasladando a este recurso a doutrina do Tribunal Superior de Xustiza, previa convocatoria e traslado da información documental correspondente da Mesa de Negociación e tal como admite o sindicato recorrente no feito terceiro do seu recurso, das actas estendidas queda acreditado que as partes tiveron ocasión de manifestar o que tiveron por conveniente, polo que se propón que sexa rexeitado o recurso de reposición presentado ao constatare a existencia de negociación e de boa fe negociadora.

En función dos razoamentos expostos e ditame da Asesoría Xurídica, propónse aos membros de Consello de Goberno que o recurso sexa desestimado.

Apróbase a desestimación do recurso de reposición por asentimento.

Intervén o profesor Bienvenido Diez para dicir que se trata dun recurso interposto pola federación de UXT, que considerou adecuado utilizar as canles legais para expresar o seu desacordo; outros sindicatos estaban en desacordo pero que non impugnaron. Non obstante, quere deixar constancia de que a interposición do recurso non pretende obter rendas políticas ou doutro tipo, xa que quere seguir mantendo un espírito construtivo e de lealdade coa institución.

**Punto 15.** Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado pola Federación de Traballadores de Ensino de UXT-Galicia contra o acordo de Consello de Goberno de data 21/02/2013, pola que se aproba a Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen expón que se trata dun recurso de reposición interposto pola federación de traballadores do Ensino de UXT de Galicia.

Que o obxecto do recurso de reposición se dirixe contra a aprobación da Normativa para o nomeamento do profesorado emérito da Universidade de Vigo.

Que os motivos de impugnación alegan que, con carácter previo á aprobación do acordo, a Universidade de Vigo non aportou información nin convocou a correspondente mesa de negociación para tratar dito asunto.

Solicitan que dito acordo de aprobación da Normativa para o nomeamento do profesorado emérito da Universidade de Vigo sexa declarado nulo con retroacción ao momento da negociación.

A secretaria xeral dá conta do informe da Asesoría Xurídica, que di que, examinados os antecedentes deste, informa que son de aplicación os seguintes fundamentos xurídicos:

O artigo 107.3 da lei 30/1992, do 26 de novembro dispón que “contra las disposiciones administrativas de carácter xeneral no caberá recurso en vía administrativa”.

O informe salienta que a parte recorrente cualifica a disposición impugnada como un acto que esgota a vía administrativa, cando realmente se trata dunha normativa. O informe da Asesoría Xurídica establece que a diferencia entre acto administrativo e un regulamento ou disposición de carácter xeral aparece recollida na sentenza da Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional, que se remite á doutrina reiterada do Tribunal Supremo nesta materia. A sentenza do Tribunal Supremo de 15 de setembro de 1995 explica ben as diferenzas entre un regulamento e un acto administrativo, e o fai da seguinte maneira:

*El acto administrativo se diferencia del Reglamento en que éste es norma jurídica, y por ello susceptible de aplicación reiterada, mientras que aquél no lo es y sus efectos se producen sólo una vez, agotándose al ser aplicado.*

*Los Reglamentos innovan el ordenamiento, mientras que los actos administrativos aplican el existente.*

*Los reglamentos responden a las nociones de “generalidad” y “carácter abstracto” que señalan, al menos por regla general, a toda norma jurídica mientras que los actos administrativos responden, también por regla general, a lo concreto y singular.*

*El Reglamento es revocable, mediante su derogación, modificación o sustitución, mientras que al acto administrativo le afectan los límites de revocación que impone la Ley como garantía de los derechos subjetivos a que, en su caso, haya podido dar lugar.*

*La ilegalidad de un Reglamento implica su nulidad de pleno derecho, en tanto que la ilegalidad de un acto sólo implica, como regla general, su anulabilidad.*

*Es, por último, principio esencial del Estado de Derecho que las autoridades respeten en su conducta concreta las normas generales que han establecido ellas mismas en forma general, como reconoce al artículo 30 de la Ley de Régimen Jurídico de la Administración del Estado de 26 de julio de 1957, a cuyo tenor “las resoluciones administrativas de carácter particular no podrán vulnerar lo establecido en una disposición de carácter general, aunque aquéllas tengan grado igual o superior a éstas.*

En función da xurisprudencia exposta, o informe da Asesoría Xurídica conclúe que a normativa para o nomeamento do profesorado emérito da Universidade de Vigo cumpre todas as características anteditas por ser considerada unha disposición de carácter xeral, e non un acto administrativo, xa que ten vocación de xeneralidade e vai dirixida a una pluralidade de destinatarios definidos de forma anónima, non se esgota co seu cumprimento, senón que se reafirma co mesmo, innova o ordenamento xurídico, derogando a normativa anterior sobre a materia etc.

A secretaria xeral expón que ao tratarse dun recurso contra unha disposición de carácter xeral na vía administrativa, propónse a inadmisión a trámite do recurso presentado, tal como establece o artigo 107.3 da lei 30/1992, do 26 de novembro, que dispón que “*contra las disposiciones administrativas de carácter xeneral no caberá recurso en vía administrativa*”. Entendemos que procede, e así se propón ao Consello de Goberno, a inadmisión a trámite deste, segundo o citado art. 107 .3 da Lei 30/1992.

Apróbase por asentimento a inadmisión a trámite recurso de reposición, presentado pola Federación de Traballadores de Ensino de UXT-Galicia contra o acordo de Consello de Goberno de data 21/02/2013, pola que se aproba a Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Surcolombiana* – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a empresa Biostatech, Advice, Training & Innovation in Biostatistics, S.L., para a realización de estadias conducentes á elaboración do traballo fin de máster dos alumnos da titulación Máster Universitario en Técnicas Estatísticas.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 17.** Nomeamento do representante no Consello de Estudantes a proposta dos estudantes membros de Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra secretaria xeral quen dá conta da normativa. Neste sentido expón que no artigo 48 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario se regula a composición do *Consejo de Estudiantes Universitario del Estado*. Que en dito artigo establécese que nas universidades nas que non exista Consello de Estudantes, o representante será nomeado polo Consello de Goberno a proposta dos estudantes electos do mesmo.

Engade que o artigo 50 do citado Real decreto dispón que os representantes estudantís das respectivas universidades terán un mandato de dous anos desde a súa elección, agás que se extingue por outras causas previstas no Estatuto. Tamén di que permanecerán no exercicio das súas funcións ata que se designe aos seus substitutos.

Informa que no Consello de Goberno de data 14 de febreiro de 2011, noméase ao representante desta Universidade no *Consejo de Estudiantes Universitario del Estado*. Que dado

que xa transcorreron máis de 2 anos dende o nomeamento do actual representante, cómpre que os estudantes membros do Consello de Goberno propoñan a unha persoa para que lles represente no Consello de Estudantes.

Aberto o proceso de presentación, presentáronse tres candidaturas:

- Brais Comesaña González
- Brais Fortes Novoa
- Estevo Sánchez Gálvez

Seguidamente, o reitor cede a palabra a cada un deles para expor a súa candidatura e o seu programa.

Procédese á votación e ao escrutinio dos votos:

Votos a favor de Brais Comesaña González: 3  
 Votos a favor de Brais Fortes Novoa: 8  
 Votos a favor de Estevo Sánchez Gálvez: 1  
 Votos en branco: 14

Acórdase nomear a Brais Fortes Novoa representante da Universidade de Vigo no *Consejo de Estudiantes Universitario del Estado*.

#### **Punto 18.** Rogos e preguntas.

Intervén a estudante Rocío Barreiro para preguntar ao reitor polo proceso de retirada do título honorífico de Grao de doutor honoris causa ao expresidente de Caixa Nova, Julio Fernández Gayoso.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen lle comunica que dado o traballo que pesa nestos momentos na Secretaría Xeral e na Asesoría Xurídica aínda non se deu comezo cas consultas co estudio do procedemento adecuado.

Intervén o estudante Brais Comensaña para facer valoracións sobre a necesidade de que as enquisas sobre o profesorado se fagan a través da plataforma Faitic.

Respóndelle o vicerreitor de Docencia e Alumnado que se estudou esa posibilidade, pero que non é efectivo, sobre todo porque contestarían estudantes que non van a clase.

Intervén o Sr. Xan Cebro para dicir:

- Que os responsables da USC se reuniron con representantes do PAS e PDI para informar como se realizarán os descontos salariais e que outro tanto sucedeu coa UDC; que non ten noticias da Uvigo, polo que anuncia que hai una preocupación nos traballadores sobre como se van facer os descontos.

- Respecto a sentenza recaída no recurso de apelación interposto pola Universidade de Vigo contra a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, contra a resolución xerencial de atribución de funcións no departamento X13 e X14, pregunta se se vai ditar unha nova resolución xerencial e aporta solucións posibles.
- Respecto ás promocións internas C1, C2, A1, di que a convocatoria leva tempo publicada no DOG; que se dea cumprimento ao acordo do 2005.
- Respecto ás prazas de promoción á escala facultativa de biblioteca, reconece que a Xerencia non ten culpa, pero fai o rogo de que dado que a convocatoria foi publicada o 15 de maio e remataría en xaneiro, se dite unha resolución reitoral para modificar as datas de comezo e finalización das probas.

Responde o vicerreitor que en breve se convocarán as mesas de negociación, pero que polo momento estamos á espera de que a Xunta nos comunique os criterios de aplicación homoxéneos na SUG de rebaixa salarial.

Intervén o xerente no mesmo sentido que o vicerreitor, que as promocións están publicadas no DOG e en marcha neste momento. Que sobre a execución de sentenza, se dará cumprimento a sentenza, sen prexuízo de falar cos representantes da Xunta de Persoal de PAS para unha modificación da RPT.

Que as promocións están en marcha e que, respecto ao solicitado, hai que falar coa representación sindical.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:50 horas do día 7 de maio de 2013 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



M<sup>a</sup>. Inmaculada Valeije Álvarez